Unha Moral para crecer, coñecer, recoñecer e desenvolver ao servizo da vida da persoa

- A moral da persoa depende da *comprensión da verdade da persoa mesma*: somos persoas polo feito de existir, non porque ninguén nolo teña concedido como favor. E neste sentido é a metafísica, hoxe tan cuestionada, e a súa ontoloxía a que nos vai evitar unha concepción da persoa reducida e pechada.

- O ser humano é un ser *significativo*, posúe un sentido: é capaz e relacionarse, comunicarse, amar… de entrar en comuñón co outro/s. É no concreto da súa relación, do seu abrirse aos demais, como o home vai concretando o paso do abstracto ao concreto de ser persoa en e con

- A persoa *é por si mesma*, ninguén lle concede a súa capacidade de seren. E iso faina distinta a tódolos demais seres creados, e polo tanto non identificable con eles. Isto lévanos a non esquecer que a persoa é:
  - Unha e única
  - Irrepetible, non se confunde coas demais persoas
  - Corporeidade
  - Icona de Deus
  - Ser cos outros
  - Realidade que crece e se desenvolve
  - Fin en si mesmo
  - Apertura na fraternidade

I.- A moral da vida. Do quinto mandamento á Bioética.

- Nos últimos 50 anos o tema da vida, e canto con ela se pon en relación, ten sido unha cuestión de permanente actualidade debido aos *avances científicos*. O que ten xerado un amplo e fondo *debate ético sobre cuestións respecto á vida*. Tan é así que mesmo xurdiu unha reflexión que agrupada baixo a termo **BIOÉTICA (** asentada sobre catro principios fundamentais: ***autonomía***, ***beneficencia***, ***non maledicencia*** e ***xustiza*****)** , quere recoller o estudio , análise e reflexión respecto de cuestións sobre o xurdimento dea vida humana, a posibilidade de creala, de elixir cal e como se quere que sexa a nova vida ou de acelera-lo seu remate. Nunha palabra: poñer nunha canle non unicamente técnica a cuestión da vida. Ademais estes temas van, cada vez mais, preocupando á *conciencia* das persoa de xeito que se fan preguntas, opinan sobre elas ou buscan axuda para discernir.

Achegando unha definición

Bioética.- *" Estudo* ***sistemático*** *da conduta humana na campo das* ***ciencias da vida*** *e do* ***coidado da saúde****, en canto que esta conduta é examinada á luz dos* ***valores e principios morais***". *(W.T.Reich,(ed.),Encyclopedia of Bioethics,N.York 1978; 2º ed. 1995)*

❑ O número **27** da constitución conciliar ***Gaudium et spes*** é contundente ao afirmar:

- O respecto da persoa, de xeito que cada quen, sen excepción de ninguén, debe considerar o próximo como ***OUTRO EU*****,** *coidando en primeiro termo da súa vida* e dos medios necesarios para vivila dignamente... na nosa época principalmente, urxe a obriga de achegarnos a todos e de servilos con eficacia cando chegue o caso, trátese dun ancián abandoado, ou dese traballador estranxeiro desprezado inxustamente, ou deste desterrado, ou dese neno ... " **cantas veces fixestes iso a un deses meus irmáns máis pequenos, a min mo fixestes " (Mt 25,40)**

- " ... Non só isto. *Canto atenta contra a vida* – **homicidios** de calquera clase, **xenocidio**s, **aborto**, **eutanasia** e o mesmo **suicidio deliberado** - ; canto viola a **integridade da persoa humana**, como por exemplo, as **mutilación**s, as **torturas** morais ou físicas, os conatos sistemáticos para **domina-la mente allea**... (G.S. 27)

- " ... É necesario que *se facilite ó home todo o que este necesita para vivir unha vida verdadeiramente humana,* como son o alimento, o vestido, a vivenda, o dereito á libre elección de estado e a fundar unha familia, á educación, o traballo, a boa fama, ó respecto... " (G.S. 26)

- Toda reflexión do concilio respecto da vida pon de manifesto unha *clara, sincera e honesta confesión sobre o seu valor*. Un valor que pasa a converterse en fundamento da acción dos seres humanos. O seu fundamento é unha reflexión filosófico antropolóxica personalista que pon a súa orixe en Deus, sentido e raíz de toda a realidade humana.

❑ **NECESIDADE DUNHA ÉTICA FUNDAMENTAL RESPECTO DA VIDA**

- A reflexión sobre a vida humana é un dos eixos sobre os que se foi construíndo a conciencia ética da humanidade.
- A tradición xudeu cristiá, occidental foise construíndo ó amparo do **quinto precepto do decálogo**: ***non matarás***. Expresión clara e sintética do valor da vida do home, e tamén do ***ethos humano.***

❑ Un principio escurecido

- A persoa hoxe, onte, e supoño tamén que mañá, inda que pretendidadamente civilizada, non foi/é capaz aínda de chegar con plena conciencia ó respecto do valor da vida. (Cfr. As guerras, as decisións políticas e económicas, a invisilización de quen non se mostra no " canon" perfecto do que quen crea opinión entende por vida merecedora de ser vivida, a destrución da Casa común que nos acubilla ...) Ela busca, e atopa, sempre razóns que xustifiquen as súas posturas decisións. Amparadas sempre en comprensións ideolóxicas, que no nome da liberdade e da maioría de idade, non teñen rubor en antepor os seus intereses a unha opción real pola ***defensa da vida***. De tódalas vidas.

- Con brillantez definiu esta situación o papa Xoán Paulo II como a dialéctica entre a ***cultura da vida e a cultura da morte*** (E.V. 21)

❑ PARA SUPERA-LA AMBIGÜEDADE

- O camiño desde o que hai que ir superando esta ambigüidade non é outro máis que o da **COHERENCIA**
  E esta aséntase sobre tres elementos raíz:

  - *A conciencia de que somos seres éticos(principios e valores)*
  - A *Ética coherente e rigurosa na súa metodoloxía*
  - *A antropoloxía do ser permanente, fronte á do inminente***.** Superando a horizontalización antropolóxica

- O que leva a esforzarse por non caer no continuísmo que rompe a relación dialéctica, tan importante, entre ***verdade, liberdade*** e ***responsabilidade***. (que tan ben propuxo a ***Veritatis splendor***) .

- O que pide superar o retrouso "posmoderno", tan de moda, que non cansa de afirmar que: *todo aquilo que supoña interferir no proceso individual no que cada un se sitúa, é entendido como intromisión e atentado contra a súa intimidade. Quen é ninguén para dicirme o que teño que facer!*

❑ **A proposta cristiá sobre a vida: Unha reflexión que bebe do texto bíblico**

- Tanto o A. T. como o N.T., abordan o tema da vida desde a categoría de **don** concedido por Deus.
- O libro do Éxodo expresa como diante da situación de ameaza de morte (Mar Vermello, deserto...) só a confianza en Deus mantén viva a esperanza na posibilidade en Deus: El era a vida.
- Deus, sempre fiel, camiña ó lado, co pobo. A obediencia a Deus, desde a cotidianeidade, é onde se traduce de xeito inmediato a percepción profunda da esencia da vida como PARTICIPACIÓN no don gratuíto do Deus transcendente.
- Por iso os mandamentos de Deus son o **vieiro da vida**: A integración da ética na concepción sobre a vida é absolutamente central en todo o pensamento bíblico, e vai concretarse ó longo da historia e culturas.
- O A.T. presenta á muller como simboloxía da fecundidade, como expresión da vida. Os fillos expresan a fidelidade a Deus, á Alianza, ó proxecto que Deus ten para o seu pobo. Mostran que a vida está presente na fidelidade, no crecemento, no facer crecer ó pobo de Deus
- A salvación de Deus comunícase por medio e a través da vida (Dt 8,2 –3), escoita-la Palabra de Deus é abrirse o camiño de vida
- Porque é don de Deus debe respectarse. Ven Del, volve a El. A vida que ven Del está protexida de toda ameaza de corrupción e de morte. Por iso toda vida humana é un valor que hai que admirar, respectar e salvar a toda costa (Is 56, 45 " as árbores secas "). Desde a fidelidade a Deus, a biblia presenta o home, a súa vida, como fin e non como medio.

- O N.T. a vida é un identificarse con Cristo: coa súa persoa. Acolle-la mensaxe, construí-lo reino supón acoller e respecta-la vida. Toda vida.

- O comezo deste respecto da vida supón comezar polos máis febles e necesitados, " os pequenos ". Porque son os benaventurados.

- A defensa da vida é signo do Kerigma do reino: EL DÁ A VIDA (Lc 17,11; Mc 8,3; Mc 8,35).

- A defensa da vida, en Xesús e naqueles que acollen a súa mensaxe, ten unha perspectiva escatolóxica; leva ó Pai (ven deles, vai cara ela: **προτο – εσφατον – ;** ten principio e final **).**

- O vivir en Cristo e de Cristo convértese nunha forma concreta de existencia (Fil 3,8 – 11).

- Porque é un valor fundamental sobre o que asenta-la convivencia e a construción da sociedade, o Evanxeo da vida é sempre unha interpelación para todo ser humano. Especialmente para os que máis en relación están coa posibilidade de traela ó mundo e de coidala: médicos, farmacéuticos, investigadores, capeláns de hospitais... isto supón non escudarse no silencio nin na indiferenciada, senón denunciar calquera atentado e facer uso da " **obxección de conciencia** ", cando se lles obrigue a realizar prácticas contrarias ás súas convicción s .

❑ A reflexión do Catecismo da Igrexa (2258 – 2283)

- O punto de partida deste texto é o quinto mandamento capítulo vinte do libro do Éxodo (Ex 20,13). É o respecto do quinto mandamento o que leva a que para un cristián a vida debe ser defendida, respectada e conservada sempre. A este texto do A.T., o catecismo engada, na súa fundamentación bíblica da vida, o texto de Mateo cinco, : as antíteses do reino (Mt 5,21 – 22): " díxosevos, pero eu dígovos... " A partires destes textos, o catecismo afirma que a vida, como don de Deus, debe ser respectada sempre, desde o seu inicio, pois ela é froito da acción creadora de Deus, e ninguén pode arrogarse o poder de acortala ou de suprimila.

❑ A reflexión desde a Evangelium Vitae de Xoan Paulo II

- Esta encíclica foi publicada no vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e cinco (***25/3/1995***), festa de Encarnación. Nela se parte dunha afirmación, sempre presente na mensaxe cristián e desenvolvida, inda que non de xeito sistemático, como agora, ó longo do maxisterio de Xoán Paulo II: A VIDA É SEMPRE INVIOLABLE, e non pode estar a mercede de intereses persoais ou de grupo, porque é un don de Deus.
- A partires desta afirmación, ***Xoán Paulo II*** vai construíndo a reflexión partindo da realidade, e utilizando, dalgún xeito, o esquema , xa clásico, do ***VER, XULGAR e ACTUAR.***
- Isto supón partir dunha pequena análise da realidade na que constata unha contradición, que El chama, a dobre perspectiva, que sobre a vida, se está a vivir hoxe en día na sociedade: " **a cultura da morte e a cultura da vida** ".

> **" O evanxeo da vida é unha realidade concreta e persoal, porque consiste no anuncio da persoa mesma de Xesús como encarnación do Camiño, a Verdade e a Vida. A súa mensaxe pode ser coñecida tamén pola sola razón humana nos seus aspectos esenciais. A mensaxe do respecto absoluto á vida obriga a todo home (E.v. 29, 30, 77)."**

❑ A modo de síntese

1.- Valor universal da vida.

2.- Respecto absoluto en función de ser un valor universal.

3.- A opción pola vida é un principio non só relixioso, senón tamén de razón**.**

4.- Os poderes públicos están para defender e denunciar os atentados contra a vida, non para promovelos.

5.- Compromiso do crente, exixencia do Evanxeo, a defende-la vida, sempre e en tódalas circunstancias.

6.- E isto aplícase fundamentalmente ás tres situacións nas que hoxe a vida se ve máis ameazada: o trato dos embrións humanos, as novas tecnoloxías aplicadas ao comezo da vida, o aborto e a eutanasia. Inda que non son temas excluíntes.

7.- A análise sociolóxica desde a que o texto contextualiza a reflexión reflexa bastante ben , e con crueza, o influxo e avance da cultura de morte, tanto desde o punto de vista da poboación, como dos pensadores (os actuais ideólogos) e lexisladores. Todos eles reflexionan desde un marcado Utilitarismo.

8- Na visión bíblica, a vida aparece como don e regalo de Deus. Por iso é sempre un ben, o maior dos bens que Deus pode conceder (Xob 12, 10; Dt 32, 29; Sab 1,3; 2,23; Mt 6,25; Mc 3,4; Mc 12,27; Mc 6,13; Mt 10, 8). Por todo isto a vida ten sempre carácter **INVIOLABLE.**

9.- A tradición cristián está enchoupada da mensaxe bíblica. Desde o comezo ata hoxe, a pesares dos momentos de sombra que a historia nos mostra, a defensa da vida convértese nun principio fundamental a defender sempre e coherentemente. Polo que dispor da vida, propia ou allea, é usurpar un dereito que só a El pertence.

10.- O valor ético da vida reside en se-lo camiño para a realización persoal. É valiosa porque é máis ca un simple vivir. É tarefa de humanización, de recoñecemento do outro, á vez que pide respecto, e esixe responsabilidade.

❑ Adenda.-

- **Clarificando algúns termos**

Eutanasia

1.- morte **doce** / sen dor (**etimoloxía** da palabra : *eu* + *zanatos*= **boa morte**)

2.- morte **digna** (en condicións humanas)= **ortotanasia**

3.- **adiantamento** da morte / **acurtamento** da vida.= **eutanasia**

4.- **suprimir deliberadamente** a vida)= **eutanasia**

5.- **Alongamento artificial** e sen posibilidade de recuperación (encarnizamento terapéutico) = **distanasia**

- Debemos de falar de **eutanasia** se o que se fai é **quitarlle a vida** a alguén. Falaríamos de **distanasia, entendendo por tal a prolongación *innecesaria* da vida (encarnizamento terapeutico)**, e por último **ortotanasia,** cando nos referimos a prestarlle á persoa tódolos coidados posibles que lle fagan a súa situación moito máis digna e humana(**coidados paliativos**. Unidades que seguen ser escasas).

" **Acción / omisión para causa-la morte co fin de elimina-la dor...** " **(E.V. 63)**

- Diferenciase do **suicidio** en que a intención que se busca e os métodos utilizados son diferentes. No suicidio é a propia persoa á que realiza a acción , e o que busca é suprimi-la vida, non elimina-la dor.

Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo, de regulación da eutanasia, en vigor desde o *25 de xuño de 2021*

- A lei regula o ***dereito*** que corresponde a toda a persoa que cumpra as condicións exixidas, a ***solicitar e recibir a axuda necesaria para m***orrer, o procedemento a seguir e as garantías que deben observar. Tamén determina os deberes o persoal sanitario que atende a estas persoas, definindo o seu marco de actuación, e as obrigas das administracións e institucións implicadas para asegurar o correcto exercicio do dereito recoñecido nesta Lei.

- Condicións para o seu exercicio:

- Toda persoa maior de idade e en plena capacidade de obrar e decidir pode solicitar e recibir esta axuda.
- Sempre que faga de forma autónoma, consciente e informada.
- Que se atope nos supostos de sufrimento grave, crónico e imposibilítante ou de enfermidade grave. e incurable causantes dun sufrimento físico ou psíquico intolerables

«O persoal sanitario, por natureza, ten a vocación de coidar e aliviar, xa que non sempre pode curar, pero non podemos pedir aos sanitarios que maten aos seus pacientes! exclamou o papa. Se matamos con xustificacións, acabaremos matando cada vez máis. Atrévome a esperar que, sobre cuestións tan esenciais, o debate poida levarse verdadeiramente para acompañar a vida ata o seu fin natural... a eutanasia ou o suicidio asistido forman parte do programa de "cultura do descarte" que "desbota" o que non é necesario..(».(Francisco, 21-10- 2)

1.- A primeira lei do aborto (Lei sobre Dereitos Reprodutivos da Muller) en España, era despenalizadora (só en tres supostos se podía **abortar: Euxenésico**: malformación; **Terapéutico**: perigo para a vida da nai, **Criminolóxico**: en caso de violación), fora deles seguía a ser delito, é do **5 de xullo de 1985.**

2.- **Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo**, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. Permíteselle á muller interromper o seu embarazo nas ***14 primeiras semanas*** sen a concorrencia dun suposto de risco para a saúde da embarazada ou do feto ou ben a violación da primeira e só se esixe que teña sido informada "*sobre os dereitos, prestacións e axudas públicas de apoio á maternidade*" e que teña transcorrido un prazo de **tres días** desde a información ata a realización da intervención.

- No caso de "grave risco para a vida ou saúde da embarazada" segue a ser necesario un ditame dun médico distinto ao que practica o aborto. No suposto de "risco de graves anomalías no feto" ou no de "anomalías fetais incompatibles coa vida" é necesario un informe dos especialistas. Si o suposto se refire a unha "enfermidade extremadamente grave e incurable" teno que confirmar un Comité Clínico.
- Establecía que a decisión do aborto ***corresponde a muller a partires dos 16*** anos, e só a obrigaba a informar do seu propósito a un dos representantes legais, pai ou nai. Este aspecto foi modificado na reforma da lei no ano ***2015.***

3.- ***Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro***, de garantía integral da liberdade sexual.

- As mulleres de entre 16 e 17 anos poderán interromper voluntariamente seu embarazo sen necesidade de obter ningún permiso dos pais.
- As mulleres que se sometan a un aborto terán diferentes dereitos: poderán recibir unha baixa incapacítante no traballo e terán oportunidade de recibir asistencia e acompañamento integral e especializado nos casos de interrupción do embarazo.
- A nova lei tamén garantirá o acceso ao dereito ao aborto na rede de saúde pública
- As mulleres poderán elixir entre o aborto cirúrxico e o farmacolóxico, opcións que deberán estar dispoñibles en todos os centros.

II.- A moral da sexualidade

“ Debemos chegar a ser unha Igrexa que *non faga discriminacións*. Quizais a doutrina non pode cambiar polo momento, pero podemos expresarnos con palabras máis amables para a xente e ser máis inclusivos. A Igrexa é para todos, tamén para os divorciados que volveron casar e para os homosexuais, como sempre di o papa. Son parte da Igrexa e debemos aceptalos e escoitar os seus sufrimentos. Non se trata de facer unha ideoloxía de xénero, que eu cuestiono moito porque hai algunhas cousas que me parecen esaxeradas. Pero poñamos por diante sempre á persoa. É o que fixo Xesús”. (Jean-Claude Hollerich. Presidente das Conferencias Episcopais da comunidade Europea (*COMECE*) e relator xeral do Sínodo sobre a Sinodalidade)

“ Deus mesmo creou a sexualidade, que é un agasallo marabilloso para as súas criaturas. Cando se cultiva e se evita o seu descontrol, é para evitar que se produza o “empobrecemento dun auténtico valor”[146]. San Xoán Paulo II rexeitou que o ensino da Igrexa conduce a "unha negación do valor do sexo humano", ou que simplemente o tolera "pola propia necesidade da procreación". (A.I.150)

“ O Concilio Vaticano II expuxo a **necesidade dunha "educación sexual positiva e prudente"** que chegue aos nenos e adolescentes "a medida que avanza a súa idade" e "tendo en conta o progreso da psicoloxía, a pedagoxía e a didáctica"[301]. Deberiamos preguntarnos se as nosas institucións educativas asumiron este reto. É difícil pensar na educación sexual nun momento no que a sexualidade tende a ser trivial e empobrecida. Só se podía entender no marco dunha educación para o amor, para a doazón mutua. Deste xeito, a linguaxe da sexualidade non queda tristemente empobrecida, senón iluminada”. (A.I. 280)

“ A educación sexual debe incluír tamén o respecto e a valoración da diferenza, que amose a cada un a posibilidade de superar o confinamento nos seus propios límites para abrirse á aceptación do outro. (A.I.285)

“ Trátase de **integrar a todos**, hai que axudar a cada un a buscar a súa forma de participar na comunidade eclesial, para que se sinta obxecto da misericordia "inmerecida, incondicional e gratuíta". Ninguén pode ser condenado para sempre, porque esa non é a lóxica do Evanxeo. (A.I.294)

O ensino da teoloxía moral non debe deixar de incorporar estas consideracións... especialmente a **primacía da caridade como resposta á iniciativa gratuíta do amor de Deus.** (A.I 311)

❑Presupostos antropolóxicos

- Se a persoa é o ***centro*** da teoloxía moral, e desde ela e con ela é como temos que ir construíndo a nosa reflexión, para así poder ir dando resposta a interrogantes e razón de por que nos comportamos dunha maneira e non de outro, diante dunha determinada situación; pois se iso é así, non podemos introducirnos no campo da teoloxía moral que se quere ocupar da sexualidade sen poñer os cimentos na antropoloxía.

- ***Somos seres sexuados***. As persoas non vivimos no limbo a moda de seres abstractos e **a-históricos**, senón que a nosa realidade ten concreción no aquí a agora de cada un. Se a sexualidade é unha dimensión do ser humano, esta vívese por parte da persoa nun lugar e tempo determinados, pero por unha persoa concreta, como diciamos en clases anteriores, única e irrepetible.

- Como dimensión esencial da realidade humana, a sexualidade confórmanos e ábrenos a un horizonte de comprensión persoal e de relacións cos demais. Nacemos sexuados e camiñamos, no noso crecer e desenvolvernos *físico*, *psicolóxico*, e *social,* con esa dimensión; unha dimensión que nos orienta a un xeito de vivir no medio do mundo a complementariedade e a relacionalidade.
  - A sexualidade, como nos di Bieito XVI na *Deus caritas est,* é **eros e ágape**. E os dous en relación e complementariedade. Os dous camiñando xuntos sen provocar tensión; os dous integrándose na mesma realidade da persoa.

- Non é entón reducible a sexualidade a un fenómeno puramente fisiolóxico. Atopámonos diante dunha realidade que é á vez física e psíquica, e polo tanto que supera o puramente xenital, e non se reduce a unha realidade abstracta e inmaterial tampouco.

- Isto que vimos de afirmar, e que en principio nos parece o mais normal, non ten sido entendido así ao longo da historia, onde a comprensión da sexualidade ten pasado por situacións diversas, e moitas delas, vistas desde hoxe, faríannos sorrir, pero que no seu tempo tiveron importancia e marcaron xeitos de vivir e comportarse neste campo.
    - Sexualidade como **espiritualismo desencarnado**
    - Sexualidade **como hedonismo absolutista**

- Supera isto ten sido un esforzo grande nos cincuenta últimos anos tanto por parte do maxisterio, como pola reflexión dos teólogos. Un esforzo nada fácil e que moitas veces, en calquera das dúas veiras, non ten sido comprendido. Documentos como G.S., H.V., P.H, F.C., C.I.C (catecismo); ou manuais que teñen como tarefa adecuar, seguindo o camiño trazado polo concilio, os contidos da moral sexual a realidade de hoxe, non para xustificar comportamentos, senón para facelos compresibles, e asumibles, na mentalidade actual. Esforzos que non sempre teñen sido ben comprendidos.

- Non deberíamos esquecer que ao falar da sexualidade temos que ter en conta, para deste xeito chegar a unha integración verdadeiramente antropolóxica da sexualidade, e saber logo integralos desde a súa perspectiva moral e pastoral. O que supón ter moi presente a pluralidade de dimensións que a conforman:
    - **A dimensión biolóxica.- Somos homes e mulleres (XY e XX).**
    - **A dimensión psicolóxica.**
    - **A dimensión social**
- Aspectos a ter en conta desde unha visión cristiá.
    - A ética cristiá debería de afirmar a **bondade de sexualidade. E** procurar unha reflexión desde a relacionalidade que busque crecemento e integración da persoa.
    - Os valores éticos que aporta e tutela a fe cristiá poden ser acadados pola razón humana.
    - O que engade a visión cristiá é que remite sempre á persoa de Cristo e ao seu seguimento.
    - A sexualidade, como dimensión constituínte da persoa, está no proxecto que desde o principio Deus ten para os seres humanos.

❑ A modo de síntese na construción dunha reflexión ética

- A sexualidade, tal e como fomos estudando, é unha realidade complexa e que engloba toda a realidade da vida da persoa. O que nos leva, unha vez máis, a facer fincapé na súa dimensión ética.

- . Isto supón construír a reflexión sobre a sexualidade desde a:
    - Antropoloxía e tendo en conta os elementos
    - A bondade que se pensa e vive desde a integración dos valores éticos que indica que ha ser formada, madurada e educada.
    - Como dimensión de toda persoa, abarca cada un dos ámbitos nos que a persoas a vive, pero sempre desde una visión de reciprocidade, de encontro, de proceso e de realización. Non pode ser nunca una estridencia que desaxuste a vida da persoa.
    - Esta tarefa pide e esixe de todos nós compromiso necesario para deixar atrás precomprensións e estar dispostos a facer unha reflexión sinxela e sincera sobre o que supón e significan na vida das persoas, en nós mesmo, certos comportamentos sexuais. Hase evitar reducir a realidade da sexualidade ao ámbito do pecado.
    - Superación dunha antropoloxía dualista. Como diciamos arriba, somos corporeidade.

vivencia responsable e como un proceso no que se vai crecendo a abrindo ao descubrimento do outro/a; aberta á vida. Polo que non debe pecharse nun mesmo, a modo dunha experiencia egoísta e de incomunicación. Por iso debe abrirse á vida, á acollida dun novo ser; e á vez é un compromiso de solidadriedade coa sociedade da que formamos parte.

- Neste camiño de integración e adecuación a unha pedagoxía integral, a sexualidade está chamada a vivirse desde a virtude da castidade. Entendida esta como unha vivencia de madurez, responsabilidade e liberdade. A castidade é sempre unha orientación da sexualidade cara o ben, cara unha vivencia humanizadora.

- A educación no ámbito da sexualidade ten que irse sustentando sobre o aprecio dos valores da corporeidade e o pracer, a educación dos sentimentos e dos afectos. Uns valores que se han de xerarquizar e ponderar desde as convicciónss e situación de relacionalidade coas que a persoa se vaia atopando.

- Como ***proceso de formación***, ha de comezar desde a infancia e continuarse ao longo das diferentes etapas do desenvolvemento da persoa. O que supón que non ha de reprimirse, senón ***integrarse*** buscando poñela sempre ao servizo da humanización da persoa. Non se han de queimar ou solapar etapas, senón que é necesario avanzar, crecer descubrindo e vivindo como realidade positiva a medida que se vai descubrindo e vivindo.

- Fronte a tentación do mercantilismo consumista, a fe cristián reflexiona sobre ela desde a súa acollida como don de Deus e ao servizo do recoñecemento de ser imaxe e semellanza. O que a descobre na súa dimensión *complementaria* de *alteridade,* rexeitando calquera intento de convertela en simple pracer efémero ou utilización consumista. Nun mundo no que todo parece ter prezo, a sexualidade segue sendo momento de encontro e resposta ao plan de Deus para cada un/ha dos .

- **Discernir**, **formar** e **informar** serán tres elementos irrenunciables para acadar esta experiencia de gratuidade gratificante que Deus puxo nas mans de cada un/a de nós, para que de xeito libre e responsable saibamos tamén dar razón da nosa esperanza (1Pe 3,15) .Porque todas e todos nós somos persoas sexuadas, temos esta fermosa tarefa por diante ao servizo do crecemento e da madurez persoal e complementaria..